

Guía da lingua

Dicionario Ortográfico



LUCÍA SEOANE

Xosé Feixó Cid é un dos nomes máis coñecidos no terreo dos dicionarios, manuais, guías e, en xeral, en todo o conxunto de volumes que se levan publicando no noso país para facilitar unha máis doada achega, un mellor acercamento ao noso idioma por parte de ensinantes, estudantes e de calquera clase de público interesado en saber manexar correctamente o galego.

Desde logo, o feito de que a nosa lingua vivise durante séculos sen contar cun estatus de normalidade determinou –e segue aínda a determinar, a pesar dos moitos, e importantes pasos dados– que os propios falantes, os depositarios, en fin, dun legado de séculos se vexan nunha situación que non deixa de resultar paradóxica e mesmo con tin-

tes esquizofrénicos –como, polo demais, xa teñen denunciado diferentes estudos desde o apartado da sociolingüística–: e é que acontece que eses mesmos falantes, sen os cales o idioma, evidentemente, non existiría non están en posesión das claves –non o estiveron historicamente– para concretar que é aquilo que pode, ou non pode, formar parte dunha norma estándar, dun rexistro escrito culto e que,

en resumidas contas, codifique o galego entre os idiomas plenamente normalizados.

De aí, entón, que as guías, os dicionarios, os manuais de toda sorte, de carácter normativizador seguen sen estar de máis –oxalá algún día isto non sexa así!; ou, mellor dito, oxalá tan só o público escolar sexa o destinatario “natural” desa clase de textos como sucede naqueles espazos onde a normalización da lingua está conseguida desde hai moito tempo–. Polo tanto, e en consecuencia, benvidas sexan obras como a presente por canto desempeñan unha función de peso, unha función notable e que nos axudan a avanzar nesa tarefa común.

O presente *Dicionario Ortográfico da Lingua Galega* está organizado, como o título indica, de forma alfabética a través de 427 páxinas. Pero, ademais deste corpus central e decisivo, Xosé Feixó inclúe no seu volume un amplo espazo dedicado a reparar as regras ortográficas, aqueloutras morfosintácticas e, en fin, un pequeno dicionario de verbos. Materiais, todos eles, polo tanto de excelente funcionalidade e que non deben faltar, en consecuencia, nos andeis nas nosas bibliotecas, públicas ou privadas. Un volume, pois, para coñecermos máis e mellor a normativa do galego moderno.

